

Bo día!

Estamos na terceira semana de confinamento e semella que imos ter que seguir así para protexernos contra o virus e para protexer aos que nos rodean. Ánimo!

O Ministerio de Educación e Formación Profesional e o de Universidades acordan cambios no calendario e nas probas de acceso á Universidade (ABAU)

25/03/2020

- **A ABAU celebrarase entre o 22 de xuño e o 10 de xullo en convocatoria ordinaria e antes do 10 de setembro en extraordinaria, segundo aprobou a Conferencia Sectorial de Educación**
- **O modelo de exame axustarase á excepcionalidade que supón o actual estado de alarma para non prexudicar o alumnado.**

Aproveitade esta reclusión na casa para traballar e preparar as distintas probas ABAU.

Eu vouvos ir organizando o traballo cada semana. Ídes ir repasando a teoría e practicando cos exames ABAU.

SEMANA DO 30 de MARZO AO 3 DE ABRIL

1º Repasade os 3 primeiros temas de literatura

2º Repasade os 3 primeiros temas de sociolingüística

3º Facede os exercicios que propoño a continuación

4º É obrigatorio o envío do comentario crítico (Tentade elaboralo en 20 minutos ou 25)

5º Para elaborar as tarefas, tendes de prazo ata o día 3 ás 12 da noite. O sábado 4 colgarei as solucións na aula virtual.

6º Mándovos un resumo de dialectoloxía.

SETEMBRO 2018

OPCIÓN A

Eu lin por primeira vez *Memorias dun neno labrego* cando cheguei a Vigo en setembro de 1973 para dar aulas no Instituto Castelao (chamado daquela do Calvario, pois aínda non propuxera mudarlle o nome). Aprendía galego nas clases de Francisco Carballo, no xermolo da Asociación de Veciños do Calvario, clandestina, **como todo o que era interesante daquela**. Lendo as *Memorias* de Balbino puíden saborear fermosas palabras, "mouro", "enfarruscar", lambonadas que nos ofrecías.

Se *Memorias dun neno labrego* é un dos libros galegos máis **difundidos** polo mundo adiante, se foi traducido a dezaseis linguas, se segue emocionando a lectoras e lectores de países tan distantes como China ou Alemaña, é por falarnos de cuestións universais, das **inxustizas** e **de como afectan á infancia**, das ledicias dun neno por pequenos sucesos, das súas penas nun mundo que ás veces resulta hostil.

As *Memorias* tiveron a afouteza de rachar coas historias bucólicas sobre a vida nas aldeas. Non son **compracentes** coa idea mítica dunha Galicia rural onde todo sería **harmonioso**, sen conflitos. Unha lucidez tanto máis singular canto, desde a distancia imposta polo exilio, pode haber unha tendencia a representar a aldea que se deixou atrás como a Arcadia feliz. Ao contrario, as *Memorias* reflicten a dureza duns tempos nos que as rapazas e rapaces andaban descalzos e sufrían frieiras. Todos ou case todos, fosen os nados nos anos 1920 nunha familia pobre, como Balbino, fosen os nados nos anos 1950 na casa dun médico, como o meu compañeiro Ramón López Facal. Balbino fainos vivir a pobreza, o frío, a dureza da vida duns rapaces pobres.

Marilar Aleixandre, "Voces termando da paisaxe galega", discurso de ingreso na Real Academia Galega (2017)

1. Fai un **esquema coas ideas** principais e secundarias do texto. [1 punto]
2. Indica cal é a intención comunicativa do texto: a) expositiva, b) argumentativa ou c) irónica. **Xustifica a resposta**. [1 punto]
3. A autora fala da dureza da infancia na aldea reflectida en *Memorias dun neno labrego*. Redacta un texto no que expreses a túa opinión sobre a calidade de vida das nenas e os nenos que viven hoxe en día na aldea con respecto aos que viven na cidade. (Extensión aprox. 200-250 palabras) [3 puntos] **COMENTARIO CRÍTICO**
4. Segmenta morfoloxicamente as seguintes palabras e indica o valor de cada morfema (en vermello no texto): *difundidos*, *inxustizas*, *compracentes*, *harmonioso*. [1 punto]

SOLUCIÓNS

1º ESQUEMA DE IDEAS

1. Achegamento ao galego a través de *Memorias dun neno labrego*.
2. Gran difusión da obra por tratar temas universais.
 - 2.1 Recolle as inxustizas, ledicias e penas da infancia.
3. As *Memorias* rachan coa visión bucólica do mundo rural.
 - 3.1 Reflicten a dura vida dos nenos na pobreza e friaxe das aldeas galegas

2. INTENCIÓN COMUNICATIVA

A intención comunicativa do texto é argumentativa, tal e como se pode deducir, por exemplo, das afirmacións que se introducen no terceiro parágrafo:

-Exponse a **tese**: As Memorias non representan unha Galicia rural harmoniosa e sen conflitos. O autor, exiliado en Cuba, podería proporcionar esa visión saudosa dunha infancia feliz, mais non é así

-A continuación **argumentase**: ao contrario, a obra reflicte con realismo a dureza da vida dos nenos e nenas da aldea de principios do século XX.

3. COMENTARIO

Malia non ser as condicións de vida dos nenos e nenas que hoxe viven no rural as que se describen nas *Memorias dun neno labrego*, **non se pode esquecer que o feito de vivir neste ámbito provoca, en ocasións, que tanto os máis novos como os adultos non gocen das mesmas vantaxes que poidan gozar os que viven nos ámbitos urbanos ou próximos aos grandes núcleos de poboación. Non obstante, como todo nesta vida, ten as súas desvantaxes pero tamén as súas vantaxes. (isto é a tese, é dicir a miña opinión)**

Que aspectos da calidade de vida dos "urbanitas" botará de menos un neno da aldea? Todo depende do prisma co que se vexa: se un busca poder entreter o seu tempo en diversidade de actividades de carácter formativo como poden ser a pintura, as artes marciais, actividades tan de moda hoxe en día como a robótica ou a informática, vai ter moitas dificultades para poder acceder a elas sen ter que desprazarse a cabeceiras de comarca ou mesmo de provincia. Pola contra, os nenos que viven en ámbitos urbanos en ocasións só precisan cruzar unha rúa. Por outra banda, a posibilidade de espaxamento en espazos naturais é moito máis accesible para estes nenos do rural, que poden desfrutar da natureza, respirar un aire máis puro e compartir momentos de ocio cos seus compañeiros ao aire libre. **(un argumento)**

Se nos trasladámos a ámbitos como o educativo, son moitos os cativos do rural que teñen que percorrer a diario ducias de quilómetros para poder ir á escola, no caso dos máis novos, ou ao instituto cando son máis grandes. Estes desprazamentos, que os nenos das cidades adoitan fcer cando van á universidade forman parte da vida dos seus homólogos do ámbito rural dende a infancia. **(outro argumento)**

Así pois, o lugar onde un vive pode ser o ideal ou estar cheo de dificultades segundo cales sexan as necesidades vitais de cadaquén. O que para un neno da aldea pode ser unha desvantaxe, para outro vai ser un beneficio impagable. Pero non debemos perder de vista que a situación actual dos nenos do rural é infinitamente mellor que a que nos describe Balbino nas Memorias dun neno labrego. **(conclusión)**

4.SEGMENTACIÓN

Difundidos:

Difund-Raíz

-i-VT

-(i)d-Morfema derivativ. Sufijo (relativo a)

-o-Morfema flexivo de xénero

-s Morfema flexivo de número

Inxustizas:

In-Morfema deriv. Prefixo (negación).

-xust- Lexema

-iza- Morfema deriv. sufixo(forma substantivos abstractos)

-s Morfema flexivo de número.

Compracentes:

Com- Morfema deriv. prefixo(contigüidade)

-prac- Lexema

-e- VT

-nte- Morfema derivativo sufixo (caracterizador)

-s Morfema flexivo de número.

Harmonioso:

harmoni- Lexema

-os- Morfema derivativo sufixo (caracterizador)

-o Morfema flexivo de xénero

PRÁCTICA:

1 Busca as perífrases verbais e indica o tipo:

-Habemos de vir ás dez, así que tendes que facer a cea vós.

(temporal de futuridade) (modal de obriga)

-Teu irmán houbo ter un accidente cando estaban descargando o camión.

(Temporal de inminencia no pasado. O verbo auxi- (aspectual imperfectiva)

liar está en pretérito. Isto indica unha acción que estivo a piques de suceder no pasado)

-A ver se se dá atopado no curro unha pa para cavar aquí e vólvese facer outro buraco.

(aspectual perfectiva) (aspectual reiterativa)

-Vai estar anubrado toda a mañá pero o sol irá saíndo a medida que pase a tarde.

(temporal futuridade) (aspectual imperfectiva)

-Anxo púxose a pintar e leva vendidos xa nove cadros.

(aspectual incoativa) (aspectual perfectiva)

2 Usa os infinitivos conxugados posibles e explica por que se empregan ou non:

Tras desembarcaren, as tropas puxéronse a facer prácticas de tiro.

(Forma parte dunha perífrase)

Cómpre esperarmos aínda máis a que nos atopen sitio porque hai moita xente.

Os obreiros deixan de traballar cando nós llelo digamos.

(Forma parte dunha perífrase)

Suspendiches tódalas probas de teoría por non estudares con tempo.

Deixéillelo todo recollido para as pintoras pintaren este cuarto.

3 SEGMENTA AS FORMAS VERBAIS SUBLIÑADAS NOS EXEMPLOS

Xián levara un golpe no xeonllo cando todos saían do concello, así que esa mañá decidiu acudir ó centro público de saúde da vila, pois non é que andase precisamente moi ben de diñeiro como para ir a un privado.

Se os xogadores non acadan un mínimo de dez puntos en calquera fase, a estes non se lles contarán os puntos acadados nesa fase e perderían postos na clasificación.

Levara:

Lev-R

-a-VT

-ra SMT

0 SNP

Saían:

Sa- R

-í- VT

-a-SMT

-n SNP

Decidiu:

Decid- R

-i- VT

0 SMT

-u SNP

Andase:

And-R

-a- VT

-se SMT

0 SNP

Acadan:

Acad- R

-a- VT

0 SMT

-n SNP

Contarán:

Cont-R

-a-VT

-rá-SMT

-n SNP

Perderían:

Perd- R

-e- VT

-ría SMT

-n SNP

4 ESCRIBE O VALOR DAS PERÍFRASES QUE SUBLIÑES NOS EXEMPLOS SEGUINTES:

-En canto se bote a chover, habemos entrar na casa.

(aspectual incoativa) (temporal futuridade)

-Deben de ser xa as doce pola posición do sol.

(modal hipotética)

-Onte houbemos ter un accidente na estrada de Ourense.

(temporal. Indica unha acción que estivo a piques de acontecer no pasado pero non sucedeu)

-Pasadomañá imos comer onda a praia fluvial.

(temporal futuridade)

-Están inmiscíndose nos nosos asuntos!

(aspectual imperfectiva)

-Ha de ir ao hospital porque volveron atoparlle un tumor nas últimas análises.

(modal de obrigatoriedade) (aspectual reiterativa)

-Non a deu rematado: aínda ten que pintala.

(aspectual perfectiva) (modal obrigatoriedade)

-O material foi requisado pola policía onte nun piso de Ponteareas.

(pasiva)

5 CORRIXE DEBAIXO OS ERROS SUBLIÑADOS:

Diante miña se erguíase aquel gran edificio do que me habían falado.

Erguíase grande edificio falaran

Se sabe iso por que os libros dino moi claramente.

Sábese porque o din

Olvideime de que Helena soe durmir po-las tardes e a espertei sin querer.

Esquecín que adoita polas esperteina sen

Según as autoridades chinas, onte executaron a un home por roubar polos nunha granxa.

Segundo chinas (o CD non leva a preposición a)

Non vin a Pedro esta semana; ademáis xa fai tempo que non ven por aquí.

Ademais hai vén

Mañán vai a haber dous competicións de atletismo no pavillón.

Mañá (en galego ir+infinitivo, sen a preposición) dúas

Díxolle as súas amigas que nadie iba por alí.

Díxolles ás ningúen ía

Din que obra se basa nun desenrolo do argumento da sua novela.

Basea desenvolvemento **súa**

Despóis xa non se pode mezclar con auga se non se añade antes outro disolvente.

Despois mesturar **engade**

Non estou dacordo coa descripción que fixeron de mín.

De acordo descrición **min**

Durante este verán douse de conta que ti non aportabas nada a asociación.

Decatouse **achegabas** á

Mentras eu fago isto, vai xunto con teu irmán a tenda a comprar o azucre.

Mentres co á

Casi non chego a tempo a donde me mandaron por mor do tráfico.

Case onde

Aportar significa chegar a porto. Só se pode usar cando ten ese significado